

Balea azul

Outros nomes:

Rorcual azul (ESP)
Zere urdina (EUS)
Baleia-azul (POR)
Blue whale (ENG)
Blahval (DAN)
Rorqual bleu (FRA)
Blauwal (DEU)



Características



É o animal de maior tamaño que existe sobre o planeta Terra, entre 23 e 28 m de lonxitude. As femias, como sucede entre os rorcuais, son máis grandes. Existen dúas subespecies: *B. m. musculus* no Hemisferio Norte e *B. m. intermedia* no Hemisferio Sur; inicialmente a subespecie *B. m. brevicauda* recoñécese na actualidade como especie diferenciada.

Corpo robusto e cabeza ancha e aplanada dorsalmente con forma de U; presenta unha crista ata o espiráculo. Posúe entre 270 e 395 barbas de cor negra. Os sucos da gorxa, entre 55 e 88, poden chegar ata o embigo e superalo. Aleta dorsal situada no cuarto posterior, pequena e falcada. O pedúnculo caudal engrosado e aquillado na parte dorsal, rematado nunha aleta pequena e recta, case sen fenda.

A madurez sexual acontece cando ten unha lonxitude de entre 21-23 metros e aproximadamente uns 8 anos de idade. Os partos prodúcense no inverno, tras un período de xestación de 10-12 meses. O baleato, que é aleitado durante 7 meses, mide ao nacer entre 6-7 m.

A súa alimentación baséase exclusivamente en crustáceos: krill e cangrexos peláxicos. A cantidade de alimento inxerida ao día pode superar as cinco toneladas.

Surtidor e serie de inmersión




Desprázase en solitario ou en grupos moi pequenos, aínda que poden facelo acompañados doutras especies.

Cando sae respirar, asoma en primeiro lugar a cabeza seguido do espiráculo, producindo un chafariz de condensación alto, compacto e vertical de case 9 metros.

Tras a respiración desaparece o espiráculo e asoma a aleta dorsal. Cando realiza a inmersión a aleta caudal amósase enteiramente fóra da auga.

Intensamente sobreexplotada no século XX polas flotas baleeiras de todo o mundo. Na actualidade está protexida en todos os mares.

Nas factorías baleeiras de Galicia foron cazadas 20 entre 1924 e 1985 sendo o símbolo das factorías uns maxilares do exemplar máis grande capturado, colocados sobre a porta de entrada.



Balea azul en Os Acores



Amplamente distribuída por todos os océanos do mundo, aínda que a poboación do Atlántico Norte atópase moi reducida; no verán é máis numerosa na costa occidental de Groenlandia. Algúns exemplares foron observados nos Acores e Golfo de Bizkaia.

Situación de protección

A **Directiva Hábitat (92/43/CEE) da UE, relativa á conservación dos hábitats Naturales e da Fauna e Flora Silvestres**, nace como contribución da Unión Europea ao Cumio de Río para a conservación da biodiversidade (1992). Esta Directiva baséase por unha banda na designación de áreas de interese para as especies, denominada Rede Natura 2000, e no establecemento dun réxime común de protección para as especies estritamente protexidas.

No Anexo II recóllense as *especies animais e vexetais de interese comunitario* que precisan da designación de zonas especiais de conservación. Entre estas especies figuran varias especies de cetáceos.

A transposición desta normativa á lexislación española e autonómica dá lugar á inclusión da especie na categoría de protección de **Vulnerable**, o que obriga á posta en marcha de Plans de Conservación.



Tiago Sá / ImagDOP

Ameazas

Esta especie sofre as ameazas das actividades humanas:

Captura comercial no século XX

Risco de captura accidental en faenas pesqueiras

Contaminación química e acústica

Destrución do hábitat

Impacto da navegación

A análise das ameazas, e a súa incidencia, indica que é necesario a rectificación das mesmas, eliminándoas ou minimizándoas, para garantir a supervivencia e bo estado da especie.

Proxecto para a conservación das especies de cetáceos

Para a posta en marcha dos **Plans de Conservación** das especies de cetáceos protexidas, necesítase unha recompilación de información mínima relativa á ecobiología básica dispoñible da especie, parámetros mínimos de información comportamental, ameazas potenciais e ao establecemento de medidas de conservación. Para iso lévase a cabo o proxecto: **Bases para o desenvolvemento dos plans de conservación das especies de cetáceos protexidas na "Demarcación mariña noratlántica"**.

Ten como obxecto a realización dun completo catálogo recompilatorio de información das especies de cetáceos incluídas no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da **Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas**, que están presentes no Norte Peninsular, de Galicia a Euskadi, así como nas augas da Zona Económica Exclusiva do Estado Español no Noroeste e Golfo de Biskaia, das que se teña información.

Este proxecto impulsado por **CEMMA-INT** conta coa colaboración de todas as entidades ambientais que traballan en cetáceos do Norte: **AMBAR, CEMMA, CEPESMA, e EIBE**, contando ademais coa colaboración dos máis importantes investigadores do Sur de Europa.

Organizan:

CEMMA-INT
www.cemma.org
localcemma@arrakis.es

AMBAR
www.ambarcetaceos.com/

CEPESMA
www.cepesma.org

EIBE
www.eibeh.org

Coa colaboración de:



Departamento de Oceanografía e Pescas
Universidade dos Açores



Balea azul

Balaenoptera musculus



Irma Cascão / ImagDOP